

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

MEDIDAS DE CUMPRIMENTO XERAL DURANTE O ESTADO DE ALARMA DERIVADO DO COVID_19

O Concello de Forcarei, co obxecto de adoptar as medidas de saúde pública de carácter extraordinario que require a evolución do COVID_19 (Coronavirus), dentro do seu ámbito territorial e no marco das competencias que ten atribuídas pola lexislación vixente e, atendendo ás medidas xa comunicadas polo Goberno do Estado.

Considerando, igualmente o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o ESTADO DE ALARMA para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID_19.

Esta Alcaldía, en virtude das competencias que lle outorga o artigo 21.1 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local

RESOLVE:

PRIMEIRO. Recordar á veciñanza que NON PODEN SAÍR DA CASA, salvo causa de forza maior, coas excepcións previstas no antedito Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o ESTADO DE ALARMA, como adquisición de alimentos, produtos farmacéuticos, asistencia a centros sanitarios, etc.

Recordar, tamén, que estando garantidos os subministros de alimentos, así como a apertura dos establecementos comerciais para a súa venda, se deberá permanecer nos mesmos soamente polo tempo estritamente necesario, acudindo somentes UN MEMBRO POR FAMILIA a realizar as compras necesarias, e se deberán evitar aglomeracións, así como gardar as distancias de seguridade establecidas no RD 463/2020, e en todo caso mantendo a calma en beneficio de todos.

SEGUNDO. A asistencia a ceremonias no cemiterio municipal de Forcarei, estará condicionada á adopción de medidas para evitar aglomeracións de tal xeito que se garantice a distancia mínima de seguridade de un metro entre persoas.

TERCEIRO. Establecer un servizo de abastecemento domiciliario de produtos de primeira necesidade, dirixido a persoas maiores, que vivan solas e non conten con Servizo de Axuda no Fogar, sempre respetando as medidas sanitarias decretadas.

CUARTO. Informar á veciñanza que, de acordo coa disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o Estado de Alarma, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID_19, se suspenden términos e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público.

O cómputo dos prazos se reanudarán no momento en que perda vixencia o Real Decreto que determina o Estado de Alarma ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.

QUINTO. Establecer que as comunicacións co Concello se deberán de realizar de forma telemática, a través da sede electrónica municipal (<https://forcarei.sedelectronica.gal>) ou por vía telefónica (Servizos



Xerais: 986755036 / 986755432 – Servizos Sociais: 986755149).

En caso de que non se dispuxese de medios telemáticos, e para aqueles supostos de urxencia, o Concello atenderá presencialmente PREVIA PETICIÓN DE CITA TELEFÓNICA, en horario de 9 a 14 horas.

SEXTO. Os SERVIZOS ADMINISTRATIVOS MUNICIPAIS funcionarán con porta pechada de 9 a 14 horas, dun modo moi reducido, equivalente a uns servizos mínimos, estando activos os seguintes:

- Rexistro de entrada e SIR
- Padrón de Habitantes
- Servizos Sociais
- Secretaría
- Intervención
- Tesourería

OS DEMÁIS SERVIZOS MUNICIPAIS FUNCIONARÁN NO SEU HORARIO HABITUAL, ESTÁNDO ACTIVOS OS SEGUINTE:

- Obras, Servizos e Cemiterio Municipal
- Recollida de Residuos
- Emerxencias e Protección Civil (funcionando de xeito ordinario, podendo ser reforzados en caso de necesidade)
- Servizo de Axuda no Fogar

SÉTIMO. Os Servizos Sociais Municipais, dado o seu carácter asistencial, quedarán suxeitos no desenvolvemento do seu traballo aos protocolos establecidos polas responsables dos mesmos, facilitando sempre que se poida o tele-traballo ás empedradas públicas que presta servizo neste Departamento.

O SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR FUNCIONARÁ DE XEITO NORMAL, con especial atención no seu desenrolo debido ás circunstancias excepcionais nas que nos atopamos.

OITAVO. O persoal municipal que non preste servizos dun modo presencial deberá estar dispoñible coa finalidade de prestar servizo ou reemplazar aos compañeiros/as cando fosen requeridos.

NOVENO. Quedan suspendidas as sesións periódicas ou ordinarias dos órganos colexiados municipais, a excepción da Comisión de Seguimento do COVID_19, ou calquera outra que fose preciso celebrar, que sería a porta pechada.

DÉCIMO. Dar publicidade á presente resolución para xeral coñecemento da veciñanza.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE SEGÚN OS DATOS QUE FIGURAN NA MARXE

